

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MAR

*RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros (MarInnLeg).*

Examinado o expediente de declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros, dítase a presente resolución baseada nos feitos e fundamentos que se expoñen a seguir:

Feitos:

1. O 22 de setembro de 2017, José Ramón Costas Alonso, secretario do padroado da Fundación, solicitou a súa clasificación para os efectos da correspondente inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros (MarInnLeg), foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo (Pontevedra). O 21 de xullo de 2017, ante o notario Julio Manuel Díaz Losada, co número de protocolo 1.146, pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia, representada por Rosa María Quintana Carballo; a Autoridade Portuaria de Vigo, representada por Enrique César López Veiga; a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., representada por Víctor Casal Antón; a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Arvi, Sociedade Cooperativa Galega Limitada, representada por Francisco Javier Touza Touza; a Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, Asime, representada por Julio Gómez Rodríguez, a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, Conxemar, representada por José Luis Freire Freire; e a Confederación Española de Pesca, Cepesca, representada por Javier Garat Pérez.

3. A Fundación, segundo consta no artigo 4 dos seus estatutos, ten como obxecto contribuír a un desenvolvemento socioeconómico sustentable da economía produtiva do sector marítimo e pesqueiro galego. Participará activamente nas tarefas de fomento e transferencia do coñecemento xurídico marítimo e pesqueiro e, para iso, realizará distintas actividades, principalmente tarefas de asesoramento, formación especializada, investigación e compilación de información e datos en asuntos xurídicos marítimos e pesqueiros.



4. Na escritura de constitución constan os aspectos relativos á personalidade dos fundadores, á súa capacidade e á súa vontade de constituír a Fundación conforme os preceptos da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

5. Nos estatutos da Fundación consta a súa denominación e natureza; o seu domicilio, obxecto e finalidade; as regras para a aplicación das súas rendas aos fins fundacionais e para a determinación dos seus beneficiarios; e a designación do padroado inicial.

6. O padroado inicial da Fundación está formado pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia, representada por Rosa María Quintana Carballo, como presidenta; a Autoridade Portuaria de Vigo, representada por Enrique César López Veiga, como vicepresidente; a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A., representada por Javier Fraga Díaz, como tesoureiro; e como vogais a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, representada por María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade; a Autoridade Portuaria de Vigo, representada por Beatriz Colunga Fidalgo; a entidade Abanca Corporación, S.A., representada por Víctor Casal Antón e José Lino Comesaña Calvo; a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Arvi, Sociedade Cooperativa Galega Limitada, representada por Francisco Javier Touza Touza; a Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, Asime, representada por Enrique Miguel Mallón Otero; a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura, Conxemar, representada por José Luis Freire Freire, Constante Bueno Freire González e Manuel Suárez Lemus; e a Confederación Española de Pesca, Cepesca, representada por Javier Garat Pérez. Consta tamén, como secretario non patrón José Ramón Costas Alonso.

7. A comisión integrada polos secretarios xerais técnicos de todas as consellerías elevou ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a proposta de clasificación como de interese para o fomento da economía social e o desenvolvemento da economía produtiva do sector marítimo e pesqueiro de Galicia da Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros (MarInnLeg), con base nas materias que constitúen o seu obxecto fundacional, polo que, cumprindo os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e de conformidade co establecido no artigo 51 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e o artigo 7 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, o protectorado será exercido pola Consellería do Mar.

8. De conformidade coa dita proposta, por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 21 de novembro de 2017, clasificouse



como de interese para o fomento da economía social e o desenvolvemento da economía produtiva do sector marítimo e pesqueiro de Galicia e adscribiuse á Consellería do Mar para os efectos do exercicio das funcións de protectorado.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, e o artigo 27.26 do Estatuto de autonomía para Galicia establece que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo. De acordo co disposto no artigo 7.2 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, en relación co Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, corresponde a esta consellería a declaración de interese galego mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros (MarInnLeg), así como o exercicio das funcións do protectorado e as demais que correspondan á Xunta de Galicia de conformidade co indicado no dito regulamento.

Terceiro. Á vista do disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e no Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego, resultan cumpridos os requisitos establecidos pola normativa vixente para a declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería do Mar da Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros (MarInnLeg), é polo que

RESOLVO:

1. Declarar de interese galego a Fundación Centro de Innovación de Estudos Jurídicos Marítimos y Pesqueros (MarInnLeg).
2. Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería do Mar.
3. Esta fundación queda sometida ao disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego; ao Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba



o Regulamento de fundacións de interese galego; e ao Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; así como á demais normativa que resulte de aplicación, onde se establecen especialmente as obrigas de dar publicidade suficiente do seu obxecto e actividades, ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, así como a presentación anual da documentación contable e plan de actuación ante o protectorado, que será exercido pola Consellería do Mar.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

M<sup>a</sup> Isabel Concheiro Rodríguez-Segade  
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

